

# O futuro do Barbanza é ecosocial

O Laboratorio Ecosocial do Barbanza recibe un impulso de 2 millóns de euros para a xestión sustentable do territorio coas comunidades locais, tras ser seleccionado na convocatoria de proxectos de bioeconomía forestal da Fundación Biodiversidad do Ministerio para la Transición Ecolóxica y el Reto Demográfico (MITECO).

Rianxo, abril 2024 – Tomando o traballo previo do Laboratorio Ecosocial do Barbanza dos últimos catro anos como punto de partida, a proposta seleccionada pola convocatoria de axudas para o fomento da bioeconomía forestal da Fundación Biodiversidad do Ministerio para la Transición Ecolóxica y el Reto Demográfico (MITECO) é froito do traballo conxunto de Fundación RIA, Plataforma pola Defensa do Monte\* a CMVMC de Baroña, Universidade de Santiago (CISPAC e grupos HISTAGRA e UXAFORES), Universidad Pablo de Olavide de Sevilla, Fundación Montescola e Concello de Rianxo suman forzas para poñer en marcha este proxecto transformador.

Este proxecto conta co apoio da Fundación Biodiversidad do Ministerio para la Transición Ecolóxica y el Reto Demográfico (MITECO) no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), financiado pola Unión Europea. O Laboratorio Ecosocial do Barbanza convoca á prensa para a presentación pública da nova fase do proxecto.

## Convocatoria de prensa

Xoves 4 de abril ás 18:00 h

Salón de Plenos do Concello de Rianxo.

[Praza Castelao, 1, 15920 Rianxo, A Coruña](#)

### Intervenientes

- Julián Bustelo Abuín, alcalde do Concello de Rianxo (entidade socia do proxecto e anfitrión da xornada)
- Gemma Rodríguez Cáceres, coordinadora da Área de Bioeconomía de Fundación Biodiversidad (presentación da convocatoria de bioeconomía forestal)
- David Chipperfield, presidente de Fundación RIA (entidade coordinadora do proxecto)
- Lourenzo Fernández Prieto, director científico comisario do CISPAC da USC
- Rafael Saco Fernández, presidente da Plataforma pola Defensa do Monte\*
- Esperanza Álvarez Rodríguez, coordinadora do grupo UXAFORES da USC
- Joám Evans Pim, director de Fundación Montescola
- Manuel Rodríguez López, director de Fundación RIA (explicación do proxecto)

Tras as intervencións abrírase unha quenda de preguntas.

\* A Plataforma pola Defensa do Monte está integrada polas Comunidades de Montes Veciñais en Man Común de Araño, Campelo, Isorna, Leiro, O Feitoso de Taragoña, Paradela -que participan no proxecto- e as CMVMC de Asados e Ourille)

# Laboratorio Ecosocial do Barbanza

## Antecedentes

En 2020, Fundación RIA e Universidade de Santiago de Compostela (grupo HISTAGRA-CISPAC) –co apoio inicial de Fundación Banco Santander e Cátedra Juana de Vega– puxeron en marcha o Laboratorio Ecosocial do Barbanza, un proxecto de investigación e acción que traballa coas comunidades desta comarca coruñesa na transición ecosocial do territorio recuperando os saberes locais sobre manexo territorial, que representan de forma exemplar conceptos de circularidade, multifuncionalidade, produtos de proximidade, gandería rexenerativa ou restauración de solos. A primeira fase do proxecto culminou coa celebración dunha convocatoria para o apoio de proxectos semente –iniciativas exemplares de xestión territorial– a publicación do libro “Cando eramos sostibles: aprendendo no Barbanza as claves do futuro” e na identificación de necesidades e accións prioritarias para a xestión sustentable dos montes coas CMVMC de Rianxo, integradas na Plataforma pola Defensa do Monte.

## A proposta seleccionada por Fundación Biodiversidad

Tomando este traballo como punto de partida, a proposta seleccionada por Fundación Biodiversidad é froito do traballo conxunto de Fundación RIA, Plataforma pola Defensa do Monte\*, a CMVMC de Baroña, Universidade de Santiago (CISPAC e grupos HISTAGRA e UXAFORES), Universidad Pablo de Olavide de Sevilla, Fundación Montescola e Concello de Rianxo, que suman forzas para poñer en marcha este proxecto transformador.

Cos obxectivos de xerar emprego e oportunidades económicas, conservar a biodiversidade e previr incendios forestais, nestes dous anos intervívase nos montes para reactivar áreas abandonadas, introducir gandería rexenerativa e aproveitar e transformar os recursos de forma sustentable; xeráranse capacidades a través dun programa de talleres formativos, accións educativas e voluntariado ambiental; avalíaranse as capacidades da xestión comunitaria do territorio, do aproveitamento enerxético colectivo, así como as posibilidades en materia de rexeneración de solos e captura de carbono; e comunicárase todo o proceso para que poida servir de inspiración a outros territorios e informar políticas públicas. Durante a conferencia de prensa, achegárase máis información sobre as accións que se desenvolverán e sobre os postos de traballo que se ofertarán no marco do proxecto.

O proxecto contou con cartas de apoio de varios departamentos da Consellería do Medio Rural. O Concello de Rianxo apoiou a preparación da proposta.

## Apoio

O Laboratorio Ecosocial do Barbanza conta co apoio da Fundación Biodiversidad do Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico (MITECO) no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU.

\* A Plataforma pola Defensa do Monte está integrada polas Comunidades de Montes Veciñais en Man Común de Araño, Campelo, Isorna, Leiro, O Fieitoso de Taragoña, Paradela -que participan no proxecto- e as CMVMC de Asados e Ourille)

# Laboratorio Ecosocial do Barbanza

## O proxecto en datos

*Presuposto total do proxecto*

1.999.856,21 €

*Importe da axuda da Fundación Biodiversidad*

1.899.863,38 €

*Entidades socias do proxecto seleccionado por Fundación Biodiversidad*

- Fundación RIA, entidade coordinadora do proxecto [comunicación e gobernanza do partenariado]
- Plataforma pola Defensa do Monte [planificación e xestión sustentable do territorio]
- Universidade de Santiago de Compostela (CISPAC e HISTAGRA [avaliación da sustentabilidade na xestión comunitaria e aproveitamento enerxético colectivo] e UXAFORES [rexeneración de solos e captura de carbono])
- Universidad Pablo Olavide de Sevilla [avaliación da sustentabilidade na xestión comunitaria]
- Fundación Montescola [prospectiva comunitaria, voluntariado e educación medioambiental]
- Concello de Rianxo [programa de talleres formativos, apoio á coordinación]

*Prazo de execución del proxecto*

Case dous anos, ata a fin de 2025

*O proxecto no marco da convocatoria*

Á convocatoria de bioeconomía forestal de Fundación Biodiversidad presentáronse 144 proxectos, dos que 56 recibirán a subvención solicitada, con puntuacións comprendidas entre os 66 e os 83 puntos. O Laboratorio Ecosocial do Barbanza obtivo 75 puntos, situándose no posto número 16.

## Documentación adicional

Páxina web do [Laboratorio Ecosocial do Barbanza](#)

Páxina web da [Fundación Biodiversidad](#)

Resolución da [convocatoria de bioeconomía forestal](#)

Páxina do [proxecto na web da Fundación Biodiversidad](#)

## Contacto

Máis información a través do correo electrónico [info@barbanzaecosocial.org](mailto:info@barbanzaecosocial.org)